

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 7 DE SETEMBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete un de setembro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Emilio Cuiñas Otero (non asiste), Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 31 de agosto de 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE RIB/N/59.2/08

“Visto o escrito de don **Manuel Domínguez Meiriño**, onde solicita Licenza de obras para instalación de calefacción e almacenamento de combustible, segundo “Proxecto Técnico de instalación de calefacción e almacenamento de combustible en edificio destinado a nove vivendas” que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 22.07.09 no que se fan as seguintes consideracións:

ANTECEDENTES:

- 20.05.08.....Policía Local: Parte nº 249/2008 sobre vertidos de gasóleo ó río Avia, procedentes da retirada do depósito enterrado da calefacción.
- 21.05.08.....Mº Medio Ambiente: Acta de Constancia e Toma de mostras de vertidos de augas residuais.
- 21.05.08.....Alcalde: Paralización das Obras.
- 11/11/08.....Alcalde: Solicita Informe Técnico sobre o estado actual das obras denunciadas e sobre o tipo de infracción urbanística cometido.
- 17.07.08.....Promotor: Solicitud de “Licenza de Obra Menor” para instalación de calefacción segundo “Proxecto Técnico de instalación calefacción e almacenamento de combustible en edificio destinado a nove vivendas”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Emilio Álvarez Suárez.
- 31/07/08.....Inf. Tecn. RIB/N/59/08: Remisión Sanidade.
- 24/09/08.....Sanidade: Comunicación de non ser obxecto de Informe.
- 02/10/08.....Inf. Tecn. RIB/N/59.1/08: Remisión Medio Ambiente.
- 03/03/09.....Medio Ambiente: Comunicación de non estar suxeita ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

12/03/09.....Alcalde: Aclaración sobre a necesidade de establecer calquera tipo de condicionamento ou esixencia legal para o outorgamento da licenza solicitada.

INFORME:

Visto o expediente de referencia, considero oportuno informalo seguinte:

Trátase dunha edificación, de planta baixa e catro plantas altas, situada dentro do solo urbano consolidado do núcleo urbano de Ribadavia, e incluída na Delimitación da Zona de Protección do Conxunto Histórico, na que se pretende a reforma da instalación de calefacción centralizada para as nove vivendas, con caldeira e depósito soterrado de gasóleo “C” situados en local de planta baixa.

O citado “*Proxecto Técnico de instalación de calefacción e almacenamento de combustible en edificio destinado a nove vivendas*”, que se presenta está redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Emilio Álvarez Suárez.

Conta con Informe do Servizo de Protección da Saúde da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, de Rexistro de Saída nº 13.275 de data de 22 de setembro de 2008, no que se especifica que: *“a citada actividade, maila ser considerada como perigosa, non pode ser obxecto de informe sanitario por non estar relacionada co ámbito competencial desta Delegación Provincial”*.

Así mesmo, no Expediente consta Informe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, de Rexistro de Saída nº 1.212 de data de 27 de febreiro de 2009, no que se informa: *“que como non se trata dunha actividade, a citada instalación non está suxeita ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental”*.

Con data de 21 de xullo de 2009, esta técnico realizou visita ó inmovible coa finalidade de determinar o estado actual das obras, comprobándose que as mesmas atópanse aparentemente rematadas.

Trátase de obras legalizables, compatibles tanto coa normativa urbanística vixente, NNSSMMPP, como do documento de Aprobación Inicial do PXOM.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para instalación de calefacción e almacenamento de combustible.”

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: instalación de calefacción e almacenamento de combustible

Contía na que se orzan as obras: 13.233 €

Situación e emprazamento das obras: Ramón Otero Pedraio nº12

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: don Emilio Álvarez Suárez.

Nome ou razón social do promotor: don Manuel Domínguez Meiriño

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 13.233 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 344,06€ a ingresar.

Condicións técnicas: Non constan.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Visto o expediente SCV-S-24-09, a nome de **dona Ramona Fernández Rodríguez**, con domicilio na Rúa Grande nº6, 32416, de San Cristovo no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de San Cristovo para a Rúa Grande nº6, San Cristovo, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de San Cristovo e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente RIB-S-47.1-01, a nome de **dona Concepción Deaño Fariña en repres. de Concepción Fariña González**, con domicilio na Praza García Boente nº5, de Ribadavia no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de San Ribadavia para a Praza García Boente nº5-1º, de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente RIB-S-47.2-01, a nome de **dona Concepción Deaño Fariña en repres. de Concepción Fariña González**, con domicilio na Praza García Boente nº5, de Ribadavia no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de San Ribadavia para a Praza García Boente nº5-2º, de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitude de información urbanística interesada por **don Juan José Mato Rodríguez**, con domicilio en Estrada de Francelos nº4-2º G, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 5356. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 03.09.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en rúa Trasmesones nº9, Ribadavia (ref.catastral 6241/09), a solicitude de don Juan José Mato Rodríguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Resolución da Consellería de Traballo e Benestar, Secretaría Xeral de Familia e Benestar relativo ás axudas reguladas na Orde de 1 de abril de 2009 polo que se establecen subvencións para o Plan de Desenvolvemento Xitano.

2º.- Resolución da Consellería de Cultura e Turismo, Departamento Territorial relativo a concesión da subvención ao abeiro da Orde de 18 de marzo de 2009, pola que se convocan para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais.

3º.- Escrito da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e infraestructuras, Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe con nº RE 5424 e data RE 31.08.09 relativo a concesión da subvención para a realización de actividades de educación para a sustentabilidade por importe de 6634,04€

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de “Pavimentación das rúas San Lázaro, Vendaval e Eduardo Chao” redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo con un presuposto de execucion material de 30.694 € e cun total de presuposto de execucion de contrata de 42.370 €.

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.-Acta de replanteo de data 18 de xuño de 2009 .realizada polo Técnico Redactor Don Casimiro Fontenla Bugallo.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato “Pavimentación das rúas San Lázaro, Vendaval e Eduardo Chao” a don Casimiro Fontenla Bugallo e aprobación do proxecto “Pavimentación das rúas San Lázaro, Vendaval e Eduardo Chao”de don Casimiro Fontenla Bugallo por importe de 42.370 € .

CONTRATO MENOR DE OBRAS

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Obras Públicas Don José Prieto Pérez relativo a contratación de “Pavimentación das rúas San Lázaro, Vendaval e Eduardo Chao” a empresa HNOS CARRAJO, S.A.. por importe de 42.370 € .€.

No expediente constan os seguinte elementos:

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar de conformidade co art. 49 da Lei 30/2007.

-Acreditación da capacidade xurídica de acordo co art. 43 da Lei 30/2007.

-Acreditación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

-Consta informe de Intervención de data 07.09.09 no que se conclúe o seguinte:

PRIMERO.- El expediente que se propone para su aprobación versa sobre la autorización de un gasto, por un importe total de 42.369,07 euros cuyo objeto es financiar la obra referenciada en el epígrafe.

SEGUNDO.- Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2009 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 432.62300 (F.P.1-2009), existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto de contratación.

En consecuencia, el crédito presupuestario disponible, suficiente y adecuado para hacer frente al gasto propuesto debe quedar ajustado y limitado a 42.369,07 euros.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, con las salvedades se informa favorablemente

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobierno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do servizo a empresa HNOS CARRAJO, S.A, autorizando un gasto polo importe de 42.370 euros, que deberá executar as obras de conformidade co Proxecto aprobado.

CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA DENOMINADA RENOVACION DE INSTALCIIONS, DOTACION DE NOVOS SERVIZOS E PAVIMENTACION DE DIVERSAS RUAS NO NUCLEO URBANO.-

“Dase conta á Xunta de Gobierno Local da certificación nº 3 da obra denominada “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas no núcleo urbano”, redactada polo técnico director da obra Don Casimiro Fontenla Bugallo, executada pola empresa Construccións Hermanos Carrajo S.A. por un importe total de 69.260,15 euros.

A Xunta de Gobierno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 3, anteriormente indicada por importe de 69.260,15 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A. co nº 741 , de data 31.07.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2009, a Xunta de Gobierno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto

conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes:

ACAPLOMO COMUNICACION, campaña publicitaria da Feira do Viño e da Ruta do Viño do Ribeiro, ano 2009, por importe de 20.009,13 euros.

SOGAMA, servizo de tratamento de residuos sólidos urbanos, decembro 2007, planta de Beade, por importe de 8.243,01 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

SOGAMA, servizo de tratamento de residuos sólidos urbanos, novembro 2007, planta de Beade, por importe de 8.592,29 euros.

IMAGA PROXECTOS E CONSTRUCCIONS S.A., aboamento de intereses derivada de indemnización xudicial, recurso contencioso-administrativo núm. 2/5058/2001-R, por importe de 13.127,69 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

FESTAS DO PORTAL 2009.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar os presupostos e contratos relativos a espectáculos musicais e actividades a desenvolver nas Festas do Portal 2009, segundo o teor literal que se acha no respectivos expedientes:

BANDA MUNICIPAL DE FERMENTELOS, contrato de prestación ds servizos, actuación banda musical nas festas do Portal 2009, por importe de 5.000 euros.

MANGAMUSICAL 2003 S.L., factura polo actuación do grupo M-CLAN, para as festas Portal 2009 (12 de setembro d e 2009), por importe de 29.000 euros.

PIROTECNIA LA GALLEGA S.L., subministración de fogos artificiais para as festas do Portal 2009 (fogos de artificio os días 7 ó 10 de setembro) e luceria o día 8 de setembro, por importe de 5.500 euros (IVE incluído).

ORDE DO 3 DE AGOSTO DE 2009 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS CON DESTINO AO APOIO AS FESTAS POPULARES E OUTROS EVENTOS DE CONTIDO TURISTICO.

“Vista a Orde de 3 de Agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a Concellos con destino a apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico, publicada no DOGA nº 155, de 10 de agosto de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o apoio de festas populares e outros eventos de contido turístico existente no Concello, de acordo co artigo 4.2.b da Orde.

Segundo.- Comprometerse a incluír no Orzamento o importe do custo da actuacións que se vai a levar a cabo, asumindo a parte non subvencionada ao abeiro desta convocatoria”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO